

# Bloque

## Ourense

Número 1. Epoca 2ª / Xullo 2010

“ O sector público é unha ferramenta eficaz para soportar a crise e construír unha alternativa social máis xusta ”

Impreso postal sen enderezo

## O BNG no Concello de Ourense

O paso do Bloque Nacionalista Galego polo goberno local de Ourense ten unha folla de ruta que pasa por un modelo de cidade que aposta polo investimento público como factor dinamizador da nosa economía, a eficacia na xestión dos recursos naturais e orzamentarios e a dinamización da actividade económica e o comercio local, a xeración de emprego. A labor de goberno do BNG defínese tamén pola mellora na calidade vida de todos os veciños e veciñas de Ourense, a cultura, o deporte, os servizos públicos, a atención a mocidade, e a igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres.

Fronte a outros modelos de actuar que recortan os nosos dereitos, o nacionalismo galego demostrou dende as súas áreas de goberno que o sector público é unha ferramenta



Andrés García Mata e o portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, nunha visita á Chavasqueira

eficaz para superar a crise e construír unha alternativa social máis xusta.

Pasaron xa tres anos desde que o BNG asumira responsabilidades de goberno municipal na nosa cidade.

Un equipo humano que foi capaz de demostrar que outro xeito de gobernar é posíbel. Nas páxinas seguintes, as nosas compañeiras e compañeiros do Grupo Municipal fan balance dalgunha das súas áreas de xestión.

### ÁREAS DE RESPONSABILIDADE DO BNG NO CONCELLO DE OURENSE

Vivenda - Plans Especiais de Reforma Interior - BIC das Burgas - Infraestruturas - Igualdade - Xuventude - Voluntariado - Comercio - Turismo - Feiras e mercados - Prazas de abastos - Matadoiros - Industria - Termalismo - Tráfico e seguridade - Servizo contra incendios - Deportes - Protección Civil - Cultura - Festas - Festival de Cine - Auditorio - Normalización lingüística - Perímetro rural - Mobilidade - Transporte Público - Alumeado



www.bng-galiza.org  
Edita: BNG Ourense

### Isabel Pérez: a nosa candidata á Alcaldía

Dentro dun ano haberá eleccións municipais. O Bloque Nacionalista Galego de Ourense ven de tomar a decisión de que a candidatura estea encabezada por Isabel Pérez, actual concelleira de Cultura e deputada provincial. Foi elixido o primeiro tramo dunha candidatura que combina experiencia e renovación. Un grupo de homes e mulleres con ganas de traballar pola nosa cidade, pola xente de Ourense.



Isabel Pérez, candidata do BNG á Alcaldía de Ourense

Andrés García Mata, tenente de Alcalde e responsábel de Infraestruturas, Vivenda, PERIS e BIC das Burgas

## O BNG no Concello: INFRAESTRUTURAS



Andrés García Mata, tenente de Alcalde e concelleiro de Infraestruturas

### Ourense Capital Termal, calidade de vida, compromiso cos barrios.

Ao longo destes tres anos fixemos real o noso compromiso cos barrios, protexemos e impulsamos o Casco Histórico, e fomentamos a rehabilitación en materia de vivenda. Durante este tempo en Ourense máis de 1000 persoas estiveron a traballar en obras públicas en diferentes puntos da cidade. Actuacións que, unha vez rematadas, revalorizan o chan, optimizan as condicións para o desenvolvemento comercial, xeran benestar e elevan a Ourense á categoría que lle corresponde como terceira cidade de Galiza.

### Compromiso real cos barrios

O electoralismo mal entendido dos anteriores gobernos locais ourensáns concentrou esforzos en zonas de alta densidade poboacional en detrimento doutras. Coa nosa entrada no

**“O esforzo investidor municipal tense convertido nun motor de emprego e desenvolvemento económico do que se beneficia o conxunto social”**

gobierno local entendemos que esta dinámica perversa debe mudar e faise urxente distribuír recursos naquelas áreas que, sendo Ourense, permaneceron esquecidas. Hoxe barrios coma O Couto, A Cuña, Oira, A Ponte, Río Mao son ou foron obxecto de obras que os dignifican, devolvendo aos seus veciños e veciñas o acceso a servizos básicos de calidade (redes de abastecemento, ordenación do tráfico rodado, novas instalacións urbanas) que inxustamente lles foron negados por outros gobernos. A Concellaría de Infraestruturas ten destinado máis do 90% do seu orzamento nestes tres anos aos barrios. Desenvolvéronse a redor de 300 actuacións que van dende os procesos de humanización (Praza de Pedro Monteagudo, barrio do Santo Cristo...) até pequenos arranxos alí onde o día o día os fai precisos.

### Casco Histórico protexido e vivo

Ourense asistiu durante moitos anos a un alarmante proceso de degradación do seu Casco Histórico, que case culmina nun atentando especulativo ao noso patrimonio co escándalo de Xardín das Burgas. Hoxe celebramos coma un gran logro do BNG o ter conseguido a declaración das Burgas coma Ben de Interese Cultural, e a conseguinte redacción do Plan de Protección das Burgas, un documento en aprobación que salvagarda o corazón da cidade. A súa execución, moi avanzada nas propias

Burgas co proxecto de César Portela, fortalece a actividade deste área reen camiñándoa ao turismo e ao termalismo, negocios de futuro en Ourense polos que nunca antes se apostara de xeito firme. Tamén foi determinante o aproveitamento das axudas europeas do Plan Urban que, despois de tantos anos de Alcaldía do Partido Popular, escasamente chegaba ao 40% de execución. En tempo récord executamos o 60% restante, destacando o Centro Cívico e Escola Pública Infantil da rúa Colón ou os futuros Museo Baltar e Casa da Maxia.

### A SALIENTAR:

A rehabilitación coma elemento dinamizador: ampliación dos tramos de idade para acceso as subvencións, e incremento dos importes

Máis de 300 intervencións no centro e barrios periféricos

Actuacións nos barrios, creando espazos que até agora estaban reservados ao centro.

O SANTO CRISTO  
PADRE SARMIENTO  
RÚA GRECO  
PRAZA MONTEAGUDO  
RÚA REMEDIOS  
BARRIO DO VINTEÚN  
BARRIO PENA REDONDA  
A CARBALLEIRA  
SAN FRANCISCO  
VIRXE DE FÁTIMA  
PRAZA DE BARROCÁS  
RÍO MAO  
AVDA. ZAMORA  
PENA CORNEIRA  
FACHADAS ANTONIO PUGA  
FACHADAS PENA TREVINCA

Isabel Pérez, responsábel de Cultura, Festas e Festival de Cine, Auditorio e Normalización lingüística

## O BNG no Concello: CULTURA



Isabel Pérez, concelleira de Cultura e candidata do BNG á alcaldía de Ourense

### Ourense: cidade de cultura

A Cultura está a desempeñar un papel central como elemento conformador da identidade colectiva e como factor de participación social e de dinamización en Ourense. A experiencia de tres anos de goberno pon de manifesto o protagonismo da cultura e o seu potencial como canalizador de novas iniciativas e proxectos.

O balance do labor realizado neste período polo BNG permítenos extraer dúas conclusións básicas: a importancia do conseguido até agora, e a oportunidade de abrir novos horizontes que sitúen Ourense á cabeza dunha nova forma de entender a cultura e do seu papel central para construír un novo proxecto social e de país.

### A importancia do conseguido

O precario punto de partida e as difíciles condicións en que se tivo que

materializar o proxecto obrigou a adiar compromisos e que quedasen en segundo plano propostas necesarias. Malia estas eivas, podemos afirmar con absoluta convicción que Ourense experimentou unha extraordinaria mudanza da súa vida cultural, multiplicando a cantidade e a calidade das programacións, dinamizando a rede de espazos de actividade cultural e sentando as bases para unha maior progresión futura.

Ourense pasou a converterse nunha das urbes con maior pulo cultural de Galiza. Son incuestionábeis os avances que se produciron na recuperación das rúas da cidade como espazos de lecer; no efecto revitalizador das festas, na activación dos espazos culturais - nomeadamente do Auditorio Municipal e do

Museo-; nas propostas dirixidas aos máis pequenos; na formación en na programación artística; na creación de novos públicos para o teatro, a música, a literatura, a arte e os novos media ou na promoción social e institucional do idioma galego.

### Colaboración e participación

Ademais destas novas iniciativas, desde a Concellaría de Cultura déuse-lle continuidade a aqueles proxectos que tiñan demostrado unha boa acollida social, e prestóuselle a máxima colaboración ás propostas impulsadas desde outras administracións, desde entidades públicas e privadas e desde

o cada vez máis activo movemento asociativo cultural de base.

O grao de cumprimento do programa de goberno do BNG en materia cultural podemos afirmar que é moi satisfactorio. A posta en funcionamento do Consello Municipal de Cultura foi un dos compromisos consumados e xunto coa celebración periódica de Comisións de Cultura e Deportes do BNG permítenos contar coa opinión interna e externa dos axentes culturais da cidade. A participación cidadá era e é un dos alicerces básicos do noso modelo cultural.

### A SALIENTAR:

#### CICLO FESTIVO:

Revitalización do Entroido, Maíos, Letras Galegas, Festas de Ourense, Verán, Samaín, Magostos, Nadal.

#### TEATRAURIA:

Mostras e festivais: Miteu, Fito, Moti. Producción da compañía residente no Auditorio Municipal, Sarabela.

#### SEN BATUTA:

Ciclo Música de Cámara

#### ORALIDADES:

Tradición oral e intercambio cultural con Évora, Idanha e Mértola (Portugal), Ravenna (Italia), Birgu (Malta) e Sliven (Bulgaria).

#### AUDITORIO MUNICIPAL:

Espazo e programación aberta a todos os públicos.



Ana Garza, responsábel de Turismo, Termalismo, Industria, Comercio e Mercados

## O BNG no Concello: **TURISMO**



Ana Garza, concelleira de Turismo e Termalismo

Ser destino turístico diferenciado e de calidade. Defender e reforzar a nosa capitalidade termal. Para o BNG estas deben ser algunhas das claves que aseguren un Ourense próspero e con emprego pleno que xere riqueza para os seus cidadáns e cidadás. Eses son obxectivos da Concellaría de Turismo e Termalismo, unhas metas que nos marcamos dende o principio e nas que traballamos dende a transversalidade, a boa planificación, a innovación e o I+D. Ourense ten os recursos suficientes para converterse nunha potencia económica no noso territorio: cinco millóns de litros diarios de auga termal que nos fan únicos. A defensa inequívoca dun termalismo produtivo e sustentábel é a nosa mellor presentación.

**Plan Estratéxico Termal de Ourense**  
No ano 2007 o Pleno municipal de Ourense aprobaba por unanimidade

o Plan Estratéxico Termal da cidade. Este plan de traballo, que o BNG está a executar, asegurará que Ourense obteña o maior aproveitamento económico posíbel dos seus recursos hidráulicos; e iso pasa por xerar unha industria termal sólida na cidade. O principal obstáculo é o urbanismo especulativo e caótico dos últimos anos, contra o que traballamos co PERI das Burgas e os Plans Especiais da Chavasqueira, porta de entrada ao gran entorno termal do Miño. Estamos a reordenar o solo para dar cabida ás instalacións hoteleiras e balnearias que Ourense precisa para despegar: recuperar a antiga Cadea e os Baños de Outeiro, trasladar o matadoiro municipal que actúa como muro ás marxes fluviais...

**“Traballamos para que o turismo ligado ao termalismo sexa o principal activo económico no Ourense do futuro”**

### **Desenvolvemento turístico suste e competitivo**

Por comercio, patrimonio, gastronomía e termalismo, Ourense ten o que se precisa para acadar o noso obxectivo: ser destino turístico de referencia. Dotarnos dunha estratexia planificada que marcasse o camiño a seguir foi fundamental para comezar a traballar nun terreo abandonado. Partindo

de cero conseguimos estruturar rutas turísticas, inaugurar o Centro de Recepción de Visitantes e unha rede de puntos de información por toda a cidade. Puxemos en marcha un plan de captación hoteleira que xa comeza a dar os seus froitos, con tres hoteis en

construción. As cifras avalan o noso labor: Ourense nunca tivo tantos visitantes coma hoxe. O noso maior logro, sen dúbida, ten sido a constitución do Ente Mixto de Xestión Turística, que combina capital público e privado nun organismo capaz de profesionalizar a xestión do turismo en Ourense baixo unha marca, Cidade das Augas. A súa posta en marcha é a mellor mostra dun goberno capaz de atraer capital privado ao beneficio social.

### **A SALIENTAR:**

Ente Mixto de Xestión Turística “Ourense, Cidade das Augas. Centro Recepción P. Feijoo e Puntos Información Albergue de Peregrino, Outariz, San Tomé e As Burgas

### **As Burgas:**

Reconstrución dos Xardíns Históricos, Piscina Termal, expropiación, escavación arqueolóxica e axardinamento das traseiras, Centro Interpretación Arqueolóxica

### **Río Miño:**

Xardíns da Ponte Ribeiriño, selado e protección dos mananciais, aparcadoiros nas Pozas Maimón e do Muiño, remodelación do Campo da Feira

### **Reza:**

Restaurante e servizos (cafetaría, tenda, vestiarios...), acondicionamento accesos, alumeados

Fernando Varela, responsábel de Deportes, Tráfico e Seguridade, Servizo contra incendios e Protección Civil

## O BNG no Concello: DEPORTES



Fernando Varela, concelleiro de Deportes

A Concellaría de Deportes traballou durante estes anos seguindo as liñas políticas, definidas no programa marco do BNG para as Eleccións Municipais de 2007 a través da Comisión de Cultura e Deporte nacionalista. As claves: o deporte como base do desenvolvemento persoal, acceso á actividade físico-deportiva a toda a cidadanía como dereito e valores sociais, aproveitamento das infraestruturas, promoción do deporte de saúde e de lecer, actividades de carácter popular, xornadas de deporte na rúa, novas modalidades...

### Instalacións deportivas:

Buscamos modelos integrados, a especialización e a descentralización, chegando aos barrios e ao rural, e avanzando no incremento do nivel de utilización. Exemplos: Campo de Fútbol de herba sintética en Santa Cruz de Arrabaldo, pistas exteriores e nova

piscina nos Remedios, reforma integral do Polideportivo e iluminación do campo de fútbol 7 de Volei de Oira, actuacións nas pistas deportivas dos barrios (Seixalbo, Rairo, Barrocas...).

### Actividades Deportivas:

Resulta clave o fomento do deporte base e da participación popular (Carreira do San Martiño, novas carreiras populares nos barrios, actividades innovadoras (Ruta BTT, Descenso Urbano en Bici, apoio ao Maratón do Miño...), cun apoio importante ás que supoñen un retorno económico para a cidade, sen descoidar os deportes tradicionais galegos como o fútbolín, a chave e a billarda, etc

### Subvencións e administración

Actuamos con decisión na reorientación da política de subvencións, duplicando a dotación económica das subvencións en concorrencia competitiva, con aplicación de criterios obxectivos, mentres que as de adjudicación directa (nominativas) descenderon un 18%, reforzando ao mesmo tempo as fases de comprobación e control do apoio público.

Tentamos provocar un "cambio cultural" proxectando a estrutura do cadro de persoal en función das necesidades operativas, conseguindo unha sensíbel mellora na capacidade conservación e mantemento das instalacións. Actualizáronse os Estatutos

do CMD e creouse un Regulamento de Instalacións Municipais

### Política Económica:

O obxectivo final é dotar de consistencia e solvencia económica ao Consello Municipal de Deportes, actuando nas fontes de financiamento así como na contención dos gastos correntes e no aforro enerxético.

Adaptáronse as taxas aos distintos segmentos de poboación e colectivos (mocidade, persoas xubiladas, persoas con discapacidade...) e ao nivel de utilización, reforzando ao tempo os mecanismos de control da fraude.

### A SALIENTAR:

Máis de 60 actuacións cun investimento de 15 millóns de euros

### Executadas:

- Nova Piscina e Pistas Exteriores nos Remedios
- Campo Fútbol Herba Sintética Arrabaldo
- Iluminación Fútbol 7, Volei e reforma Integral Pavillón Oira
- Herba Artificial Campo Hokei Mariñamansa
- Pista Deportiva Barrocás

### En execución ou proxecto:

- Complexo Deportivo Eiroas-Oira
- Substitución Cuberta pavillón e Cuberta solar Piscina 25 Remedios
- Complexo Deportivo Sur (Mariñamansa), 1ª fase

Marta Arribas, responsábel de Igualdade, Xuventude e Voluntariado

## O BNG no Concello: IGUALDADE



Marta Arribas, concelleira de Igualdade

### Desenvolvendo políticas de Igualdade

A nosa sociedade ten mudado e as políticas a seguir no ámbito municipal teñen que mudar con elas. Traballar pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres implica atender a todas as carencias estruturais e tecer unha rede que abrangas, de xeito transversal, todas as áreas de goberno.

Non entendemos o traballo pola igualdade, se non se mantén a tensión suficiente para estar en procesos de sensibilización permanente. E é neste ámbito, que desde a Concellaría de Igualdade traballamos. Diseñar programas de sensibilización orientados á mocidade, ás asociacións de veciños e veciñas, ás escolas de primaria, en definitiva, traballar con mulleres e homes, desde unha perspectiva de xénero, introducindo nas súas vidas novos

**“Traballar pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres debe abarcar, de xeito transversal, a todas as áreas de goberno”**

elementos de análise.

Atender ás redes de mulleres da nosa cidade, facelas participes do traballo da Concellaría é un dos obxectivos do Consello Municipal da Muller. A través de reunións, as asociacións integradas, toman voz, e non só as asociacións de mulleres, senón tamén máis asociacións que fomos capaces de aglutinar nestes tres últimos anos e que constitúen máis representación social.

Para poder levar a cabo as novas políticas pola igualdade e debido á situación de partida onde esta Concellaría só representaba a sectores nada progresistas da sociedade ourensá, foi necesario que se visualizaran e referenciaran as novas accións con contundencia e firmeza.

### Profesionalidade

Dispoñemos de homes e mulleres de alta cualificación para o traballo pola igualdade. Profesionais e recursos que tratamos de poñer en valor. O Centro de Información ás mulleres, un dos piares fundamentais da Concellaría de Igualdade, supón un elemento a pór en valor. Por iso, desde esta Concellaría tentamos concibilo como un instrumento de axuda e orientación para todas as mulleres, e en especial ás vítimas de violencia machista, establecendo unha conexión directa coa propia Casa de Acolida. Facilitar

a vida destas mulleres e dos seus fillos e fillas, preparándoas para unha vida mellor, traballando a autoestima e a atención psicolóxica, son accións políticas invisíbeis, que non transcenden aos medios de comunicación, pero que son as prioritarias de como o BNG entende a acción de goberno nesta área.

Temos moito por andar en políticas de igualdade, temos moito que traballar de xeito colectivo, mais temos a satisfacción de ter realizado un traballo ben feito, e de ter transmitido proximidade e confianza en todo o tecido social vinculado á igualdade e a loita contra a violencia machista.

### A SALIENTAR:

Redacción do 2º Plan de Igualdade, implicando a todo o goberno municipal.

Instalación dun programa informático que establece un protocolo entre os axentes que traballan coas vítimas de violencia machista.

Creación na Casa de Acolida dun servizo de atención de nenos e nenas das vítimas.

Creación de material didáctico para a sensibilización en violencia de xénero.

Inicio da rehabilitación do Edificio de Radio Ecca como nova instalación para traballar no ámbito da igualdade (orçamento 600.000 euros).

Próxima posta en marcha do Banco do Tempo

Manuel Herminio Iglesias, responsábel de Perímetro rural, Mobilidade e Alumeado

## O BNG no Concello: PERÍMETRO RURAL



Manuel Herminio Iglesias, concelleiro de Perímetro Rural

### Perímetro rural:

Non pode haber distintos niveis de atención en función de que as persoas residan nun lugar ou noutro do concello. Atender aos veciños e veciñas con independencia do seu lugar de residencia foi desde sempre unha preocupación e unha prioridade para o BNG. Desde esta Concellaría deseñamos unhas liñas de actuación baixo un criterio básico: as obras de mantemento e conservación e actuacións no rural deberán ser feitas con criterios de respecto ao medio e as características do contorno. Os recursos públicos son limitados, polo que é necesario establecer prioridades. Seleccionáronse determinadas actuacións cos criterios definidos, sempre buscando a participación veciñal e recollendo suxestións cun obxectivo: extensión ao perímetro rural da filosofía de humanización da cidade

“Atender aos veciños e veciñas, con independencia do seu lugar de residencia, é a nosa preocupación e a nosa prioridade”

### Mobilidade:

O perímetro rural, xunto cos barrios periféricos son, sen dúbida, os grandes beneficiarios da mellora constante do transporte público. A nosa chegada ao goberno municipal foi parella a un aumento de liñas de autobús urbano e mellora substancial das frecuencias. A compoñente social do transporte público foi reflectida na conxelación do prezo do autobús. Mellorouse a comunicación e información coa instalación de catro novos paneis electrónicos. Creamos unha nova liña de acceso á área termal da Chavasqueira e estamos a traballar nunha nova liña de autobuses dende Velle ao Polvorín e na modificación doutras existentes coa intención de abrir os autobuses á zona da Saínza e outras. Seguimos a traballar no tocante a Área Metropolitana.

### Alumado público:

No tocante ao alumado público, buscando a eficiencia e o aforro enerxético, procedeuse á substitución de lámpadas de mercurio por outras de sodio, cun aforro do 25% en cada punto. Nestes últimos meses cambiáronse máis de mil puntos de luz. Ademais, puxemos en marcha un innovador sistema de telexestión, que permite controlar o alumado público, as incidencias, características e consumos dende unha central informática, que supón un afo-

rro do 35% e unha mellora no servizo. Estase a renovar todo o alumado público da rúa Bonhome e as circundantes, Cristal, Viso e en diferentes rúas do rural e do barrio do Vinteún cun orzamento que ronda os 320.000 euros.

Hai moito feito, pero sabemos que queda moito por facer. Temos claro o noso obxectivo: mellorar a calidade de vida dos homes e mulleres que residen en Ourense, e nese camiño imos seguir a traballar desde ás áreas de goberno que nos corresponde xestionar.

### A SALIENTAR:

Creación de espazos singulares tamén nos núcleos rurais, así como pavimentación, prazas e beirarrúas rematadas ou inicio inmediato:

As Curuxeiras  
Eirasvedras  
Rabo de Galo  
Peliquín  
Oira  
Seixalbo

Nova liña de autobuses á Chavasqueira (Liña 26)

Instalacións de novos paneis informativos electrónicos nas paradas do bus urbano

Posta en marcha do sistema de Telexestión do alumado público



# Un Estatuto de Nación para unha Galiza de Primeira



Guillermo Vázquez

O Estatuto de Autonomía é a norma básica que, nas limitacións do actual modelo político-económico, establece o grao de autogoberno de Galiza e, polo tanto, a capacidade de decidirmos por nós mesmos para mellorar a vida dos galegos e galegas.

Neste sentido as limitacións do actual Estatuto de Autonomía son evidentes: un texto que data do ano 1981 e que ficou desfasado para atender as novas demandas da sociedade galega e para incrementar e defender o noso autogoberno, constantemente ameazado tanto polas directrices de Bruxelas como, o que é máis grave, pola descarada invasión de competencias por parte do Goberno Central, que, mediante a lexislación básica, practica un centralismo sen complexos que deixa en papel mollado a capacidade de autogoberno da Xunta de Galiza.

A postura do BNG ante esta situación foi clara e valente ao reclamar un Novo Estatuto de Nación para Galiza. Fixoo durante o Goberno Bipartito e fai-no agora, empurrando a PP e PSOE a participaren un debate que, ao igual que o das caixas de aforros ou o da lingua galega, queren eludir porque non consideran prioritario.

A insistencia do BNG en que Galiza sexa recoñecida como nación no novo Estatuto non é unha cuestión nominalista. É unha necesidade irrenunciábel porque, ademais da importancia simbólica de manter a Galiza dentro da Primeira División do Estado, xunto a Catalunya e Euskadi, implica cuestións prácticas e tanxíbeis como é que a Xunta de Galiza preserve e incremente as súas competencias.

Como asegurou o portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, “non é un capricho ter un novo Estatuto de Nación, é unha necesidade para que as institucións galegas teñan máis ferramentas para mellorar a calidade de vida dos cidadáns e das cidadás, e máis aínda nun momento en que as decisións que nos afectan, políticas e económicas, se toman lonxe de nós”.

Mesmo a Constitución –convertida en

tótem sagrado e inmutábel por PSOE e PP para frear as lexítimas aspiracións de liberdade das nacións do Estado- permitiría a inclusión do termo nación no Novo Estatuto de Galiza tal e como vén de establecer a recente sentenza do Tribunal Constitucional referida ao Estatut de Catalunya.

En definitiva, un Estatuto de Nación para Galiza é máis autogoberno, máis benestar, máis igualdade e xustiza para os galegos e galegas.

Por iso, o BNG vai presentar un texto articulado de Novo Estatuto que incluírá a palabra nación. “Imos tomar a iniciativa e facemos un emprazamento ás demais forzas políticas para que non obstaculicen o avance do autogoberno do noso País e o emprazamento facémoslo especialmente ao presidente do Goberno Galego”, asegura Guillermo Vázquez.

É moito o que nos xogamos: estar en Segunda División autonómica, como defende o Partido Popular, cunha Galiza sen ambición e confianza en si mesma e que se axeonlla ao que mande Madrid; ou xogarmos en Primeira División, como unha nación, con dignidade e con confianza na nosa capacidade de decidirmos o noso futuro.

O BNG teno claro: a nosa selección é Galiza e os galegos e galegas.

Fracasado o seu modelo ao servizo da banca,

**fai valer  
a túa forza !**

Agora unha economía  
ao servizo do pobo, ao servizo de Galiza.

MANIFESTACIÓN DO 25 DE XULLO:  
As 12 horas na Alameda de Santiago de Compostela



### Como contactar co BNG da Ourense:

Responsábel Local: Xosé Carballido Presas  
Conta de correo: xose.carballido.presas@bng-galiza.org  
Sede comarcal do BNG: Rúa Concordia, 29 - 5º (Ourense)  
988 22 60 80  
ourense@bng-galiza.org

### Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional.  
Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.  
Santiago de Compostela. 981 55 58 50  
www.bng-galiza.org  
nacional@bng-galiza.org

